



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ANUNCIO DE PUNTUACIÓNS DA SEGUNDA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN E CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TÉCNICO ELECTRICISTA E DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS. EXPTE. 2026/E001/000001

Realizada a segunda proba do proceso selectivo indicado no encabezamento o xoves 16 de xullo de 2026, fanse públicos os acordos adoptados na sesión 3-2026 polo tribunal cualificador:

“Primeiro.- Publicar un anuncio coas cualificacións do segundo exercicio, que teñen carácter provisional, xunto cos criterios de corrección, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, outorgando ás aspirantes un prazo de cinco (5) días naturais, contado a partires do seguinte ao da publicación do anuncio de puntuacións no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, as cualificacións provisionais elevaranse automaticamente a definitivas.

Para o caso de que se presenten reclamacións, serán obxecto de estudo e resolución por parte do tribunal.

“CASO PRÁCTICO:

Tendo en conta o disposto na base sétima:

“B.- SEGUNDO EXERCICIO: Práctico e de carácter eliminatorio. Puntuación máxima 30.

Consistirá na realización dunha tarefa, ou varias, que sexan cometido propio da praza convocada. Será valorado de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superar o exercizo obter un mínimo de 15 puntos.

Neste exercizo valorarase o manexo dos equipos, a destreza na execución de tarefas, coñecemento de elementos a utilizar e resultados. O tempo máximo de duración do exercizo é unha hora.

O Tribunal determinará o contido do exercicio e informará aos aspirantes sobre os criterios que serán considerados para avaliar o caso práctico antes do comezo do mesmo, debendo estos seguir con exactitude a estrutura que se demande.

A realización do exercizo será grabada polo Tribunal, e a realización do mesmo constituirá autorización para a grabación e o emprego da mesma, de ser necesario, con fins probatorios. A grabación será incorporada ao expediente.”

O práctico consiste na execución das seguintes dúas probas cos medios que se dispoñen. O tempo máximo para a execución das dúas probas é de 30 minutos, non obstante cada unha das probas dispón dun tempo máximo segundo a súa complexidade. Salientar que o tempo restante nalgunha das probas non é acumulativo ao resto dos exercicios. O tribunal poderá realizar preguntas durante o desenvolvemento da proba.

1.- Mantemento dunha caldeira de biomasa

Situados na sala da caldeira de biomasa da Casa do Concello de Coirós, requirese que o aspirante execute, pola orde sinalada, as seguintes tarefas:

1º. Describa as instalacións e o funcionamento de todos os elementos que conforman a sala de caldeiras, así como as tarefas de mantemento preventivo e posibles avarías

Pregunta sobre avarías: se o queimador indica que está bloqueado, que comprobacións farías antes de dar aviso ao SAT

2º. Identifique os posibles incumprimentos ou defectos que observe nas instalacións respecto do RITE (Regulamento de Instalacións Térmicas) e seguridade, e propoña melloras a realizar nas instalacións

3º. Poña en marcha a caldeira (só no caso de que se obtivese a puntuación mínima nos apartados 1º e 2º)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

4º. Realizada a posta en marcha da caldeira, comprobe que os radiadores da Casa do Concello quentan.

A) CRITERIO AVALIACIÓN (25 Puntos) :

- Describir correctamente a instalación (10 puntos): tolva con cazoleta inferior con tubo de entrada e saída (3 puntos), depósito secundario por succión (2 p), caldeira con queimador, (5 p)
- Describir correctamente o mantemento preventivo (4 puntos): limpeza do caixón de cinzas (2p) e da célula fotoelétrica (2p)
- Describir as posibles avarías (6 puntos): que a instalación ten tensión na resistencia, que a célula fotoelétrica está limpa e funciona, que a célula abre e pecha o contacto eléctrico, que entran pellets no queimador e que o ventilador mete aire (1 punto por avaría)
- Poñer en marcha a caldeira e comprobación final (1 punto)
- Identificar os incumprimentos (2 puntos): extintor exterior, extintor CO2, tolva en espazo independente, cableado eléctrico sen protección, portalámparas, local de risco especial resistencia lume, estrutura e resistencia paramentos (incluída a porta), ventilación e espazo de traballo (altura, achegamento frontal e lateral) – 6 puntos, a 0,33 p
- Propoñer melloras (2 puntos): referidas aos incumprimentos anteriores

B) TEMPO:

Máximo 20 minutos

Puntuación mínima para superar a proba: 12,50 puntos

2.- A seguridade no emprego do camión-cesta empregado para o servizo de alumeado público

Precisamos reparar unha avaría no alumeado público e para iso é necesario usar o camión-cesta municipal. Situado diante do camión-cesta, requírese que o aspirante:

1º. Describa as medidas de seguridade esixidas para realizar un cambio de luminaria en altura

2º. Empregue as medidas de seguridade (sen subir ao camión-cesta)

A) CRITERIO AVALIACIÓN (5 Puntos):

- Describir correctamente as medidas de seguridade (3 puntos): arnés, casco con cinta, luvas dieléctricas, luvas mecánicas, botas de seguridade, chaleco ou roupa reflectante, gafas de seguridade, liña de vida e roupa ignífuga (0,33 puntos cada EPI)
- Empregalas correctamente (2 puntos): ten que poñer todo menos botas e roupa ignífuga (que non temos) e cada cousa vale 0,33 puntos

B) TEMPO:

Máximo 10 minutos

Puntuación mínima para superar a proba: 2,5 puntos

1.- Mantemento dunha caldeira de biomasa

Orde	Aspirante	1. Descrición, mantemento e avarías	2.Incumprimentos/melloras	Puntuación 1+2	3. Posta en marcha	4. Comprobación	Puntuación
1º	Modesto Castro Bellón	5,00	3,50	8,50 (non acada puntuación mínima de 12,00 puntos)	---	---	Non apto
2º	Lucas Iglesias Sánchez	6,50	1,00	7,50 (non acada	---	---	Non apto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

				puntuación mínima de 12,00 puntos)			
3º	Pablo Paz Fernández	12,00	2,00	14,00	0,00	0,00	14,00
4º	José Ramón Señor Ladra	3,00	2,00	5,00 (non acada puntuación mínima de 12,00 puntos)	---	---	Non apto
5º	Irma Vilariño Fernández	5,00	3,50	8,50 (non acada puntuación mínima de 12,00 puntos)	---	---	Non apta

2.- A seguridade no emprego do camión-cesta empregado para o servizo de alumeado público

Aspirante	1. Descrición EPIs	2. Emprego EPIs	Puntuación
Pablo Paz Fernández	3,00	2,00	5,00

As puntuacións do segundo exercicio son as que se reflicten na seguinte táboa:

Orde	Aspirante	Puntuación	CELGA
1º	Modesto Castro Bellón	Non apto	---
2º	Lucas Iglesias Sánchez	Non apto	---
3º	Pablo Paz Fernández	19,00	SI
4º	José Ramón Señor Ladra	Non apto	---
5º	Irma Vilariño Fernández	Non apta	---

Rematada a fase de oposición, as puntuacións da fase de oposición son as que se reflicten na seguinte táboa:

Aspirante	Primeiro exercicio	Segundo exercicio	CELGA	Puntuación total
Modesto Castro Bellón	24,00	Non apto	---	---
Lucas Iglesias Sánchez	22,00	Non apto	---	---
Pablo Paz Fernández	27,00	19,00	SI	46,00
José Ramón Señor Ladra	22,00	Non apto	---	---
Irma Vilariño Fernández	27,00	Non apta	---	---

Segundo.- Publicar un anuncio coa cualificación provisional da fase de concurso do único aspirante que superou a fase de oposición, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, outorgando ao aspirante un prazo de cinco (5) días naturais, contado a partires do



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

seguinte ao da publicación do anuncio de puntuacións no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, as cualificacións provisionais elevaranse automaticamente a definitivas.

Para o caso de que se presenten reclamacións, serán obxecto de estudo e resolución por parte do tribunal.

Aspirante	A) Experiencia	B.1 Formación relacionada co posto	B.2) Formación complementaria	Puntuación total concurso
Pablo Paz Fernández	0,00	15,00	2,25	17,25

Terceiro.- Publicar un anuncio coa cualificación final do proceso selectivo, que ten carácter provisional, e elevar ao órgano competente a proposta para a contratación do único candidato que superou o proceso selectivo, Pablo Paz Fernández, con DNI ***8594**, para a formalización do contrato, previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos.

Aspirante	Fase de oposición	Fase de concurso	Cualificación
Pablo Paz Fernández	46,00	17,25	63,25

Coirós, a 20 de xullo de 2026.

A presidenta do tribunal

Iria Pérez Miranda

A secretaria do tribunal

María Cristina Varela García